



ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ

TITULO PRELIMINAR OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.

1. A presente Ordenanza ten como obxecto principal lograr o benestar colectivo e organizar a comunidade de tal forma que se consiga unha convivencia cidadá en paz e igualdade de dereitos e obrigacións.
2. Para a consecución do fin primordial, esta Ordenanza artella as normas necesarias que modularán a actividade dos habitantes do Municipio - en respecto e liberdade.

Artigo 2.

1. A presente ordenanza, será de aplicación en todo o termo municipal de Foz, á que quedarán obrigados tódolos seus habitantes, calquera que sexa a súa cualificación xurídico-administrativa.
2. O Concello verá na obriga de poñer en coñecemento dos habitantes o contido desta Ordenanza, empregando para iso os medios de difusión destinados a tal efecto. Así mesmo, esta Ordenanza será remitida a tódalas asociacións que aparecen rexistradas no Concello.
3. A ignorancia do contido da presente Ordenanza, non será escusa caso de incumprimento.

TITULO I POLITICA DA VÍA PÚBLICA

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 3.

1. Entenderase por vía pública, a efectos de aplicación do presente titulo, as avenidas, rúas, paseos, prazas, camiños, parques, xardíns, pontes, fontes e demais bens de carácter público do termo municipal de Foz.
2. Estenderase así mesmo a súa aplicación ás pasaxes particulares, os pasadizos dos transportes públicos subterráneos e vehículos públicos subterráneos e vehículos públicos de superficie.



CAPITULO II

ROTULACIÓN E NUMERACIÓN

Artigo 4.

As vías urbanas distinguíranse e identifícaranse con nome ou número, distinto para cada unha delas, o cal deberá ser aprobado polo Concello. Non poderán existir dúas vías urbanas co mesmo nome ou número ou aínda distintos que pola súa similitude gráfica ou fonética poidan inducir a confusión.

Artigo 5.

A rotulación das vías públicas ten carácter de servizo público e poderase efectuar mediante lápida ou placa, que se fixará en lugar ben visible, como mínimo á entrada e saída de cada vía pública. Nas prazas serao no seu edificio preeminente se o houberse e nos seus principais accesos.

Artigo 6.

1. A numeración das vías públicas e das novas edificacións, levarase a cabo mediante un proxecto integrado por memoria, relación de números (antigos e novos) e plano parcelario.
2. Dito proxecto someterase a información pública durante 15 días e será no seu caso aprobado polo Órgano plenario.
3. Os propietarios dos inmobles veranse obrigados a colocar o número que, unha vez determinado, lles correspondese, cando sexan requiridos individual ou colectivamente para realizalo. De non efectuarse dita colocación dentro do prazo fixado polo requirimento, procederase á súa colocación polo persoal designado pola Alcaldía con gastos a cargo do dono do edificio e independentemente da sanción que por tal incumprimento lle corresponda.
4. O elemento que incorpore o número deberá colocarse no centro da fachada lindante coa vía pública, ou xunto á porta principal do inmovible.
5. En canto á forma, tamaño, cor e impresión, axustarase aos requisitos que a tal efecto fixera Administración Municipal.

Artigo 7.

1. Os propietarios dos inmobles afectados pola Colocación de rótulos e números deberán permitir a súa fixación e respectar a súa permanencia, así como vixiar o seu estado de conservación e visibilidade.
2. Os elementos que se incorporen ás inscricións, así como estas deberán gardar no posible, harmonía artística coa fachada, zonas ou sectores onde se fixe.
3. Esta servidume administrativa será gratuíta e deberá notificarse ao propietario afectado.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

CAPÍTULO III CONSERVACIÓN

Artigo 8.

Compete á Administración Municipal a execución dos traballos necesarios para a perfecta conservación dos elementos estruturais e ornamentais das vías públicas. Ninguén poderá, aínda que fose para mellorar o estado de conservación das vías públicas, executar traballos en restauración ou reparación de ditos elementos, sen previa licenza municipal.

CAPITULO IV USO DA VÍA PÚBLICA. SECCIÓN PRIMEIRA DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 9.

Enténdese por uso da vía pública, aos efectos da presente Ordenanza, a utilización ou aproveitamento que toda persoa física ou xurídica pode facer do solo, ou subsolo da mesma.

Artigo 10.

O uso ou aproveitamento da vía pública pode ser común xeral, especial ou privativo.

Artigo 11.

1. É uso común o que corresponde a todos os veciños sen distinción. Enténdese que o uso común ten carácter xeral, cando non concorren nel circunstancias singulares, senón que se exerce libremente de acordo coa natureza dos bens, polo cal este tipo de uso non está sometido a ningún tipo de licenza.
2. É uso común especial cando se singulariza por revestir características de perigo ou intensidade ou outras análogas e require para o seu exercicio licenza previa municipal.
3. O uso privativo constitúe a ocupación en exclusiva por un particular dunha parcela demanial, de modo que limita ou exclúa o uso por parte doutros. Adquírese este uso por concesión administrativa.

Artigo 12.

O uso, aproveitamento e disfrute da vía pública ten en principio o carácter de uso común xeral, exercitado libremente por tódolos cidadáns, sen máis limitacións que as establecidas na presente Ordenanza e demais disposicións legais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 13.

Prohíbese expresamente:

- a) Utilizar a vía pública como lugar de exercicio ou desenvolvemento de profesións, traballos ou oficios, sen prexuízo das normas contidas nos artigos seguintes reguladores dos uso común especial e privativo.
- b) Colocar ou deixar abandonados na vía pública obxectos particulares, sen máis excepcións que as establecidas nesta Ordenanza.

Artigo 14.

1. Se se producisen usos, ocupacións, actividades ou aproveitamentos da vía pública sen a licenza ou concesión municipal, a Autoridade Municipal procederá, previa comprobación ou constatación de tal circunstancia a ordenar Ó interesado verbalmente ou por escrito, o cese da actividade, para o cal concederáselle o prazo que as circunstancias aconsellen.
2. No caso de incumprimento, procederase á execución forzosa da orde e á retirada dos bens, materiais ou instalacións, que serán levados aos depósitos municipais. Os gastos que se efectúen polo traslado e custodia, serán a cargo dos seus propietarios ou posuidores, fixándose con arranxo ás tarifas aprobadas, ou no seu efecto, ao custo real dos mesmos. Se ditos bens non fosen reclamados no prazo dun mes, o Concello poderá proceder sen máis preaviso á súa venda de acordo coas normas correspondentes á contratación municipal.
3. Os bens e obxectos perecedoiros que non sexan reclamados e retirados polos seus donos ou posuidores en tempo prudencial, poderán ser entregados a institucións de carácter social ou destruído se fose necesario.

Artigo 15.

Os diversos usos, aproveitamentos e instalacións na vía pública rexeranse polo previsto nesta Ordenanza e pola lexislación estatal e autonómica vixente en cada momento.

SECCIÓN SEGUNDA. USO COMÚN ESPECIAL

Artigo 16.

1. As actividades, ocupacións ou aproveitamentos que impliquen uso común especial da vía pública, estarán suxeitos á previa licenza municipal.
2. A licenza municipal será outorgada ou denegada pola comisión de Goberno, no prazo dun mes dende a súa petición. Transcorrido dito prazo, sen resolución expresa, a LICENZA entenderase DENEGADA por silencio administrativo. Se o número de licenzas que puidera ou quixera concederse fose limitada, o seu



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

outorgamento, efectuarase mediante LICITACION PUBLICA, non aplicándose neste caso o prazo mencionado.

3. As licenzas municipais terán vixencia durante todo o prazo que se estableza no momento do seu outorgamento, se por erro se omitise o prazo de vixencia, entenderanse concedidas pola duración normal e natural nos supostos de actividades de temporada ou feira e nas restantes ata o 31 de decembro do mesmo ano do seu outorgamento.

Artigo 17.

1. As licenzas outorgadas polo Concello poderán quedar sen efecto se se incumpren as condicións establecidas nas mesmas, e deberán ser revocadas, cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento ou sobreviñesen outras que, de existir no momento da solicitude, motivarán a súa denegación.
2. Poderán quedar sen efecto tamén as licenzas pola adopción de novos criterios de apreciación en canto ao seu outorgamento, así como o seu outorgamento erróneo, o que dará lugar ao resarcimento de danos e prexuízos que se causaren.

Artigo 18.

As licenzas municipais só serán transmisibles por causa de morte do titular a favor de quen acredite ser o herdeiro ou legatario e por transmisións inter-vivos só cando exista disposición especial que así o estableza.

Artigo 19.

A venda na vía pública (en mercados fixos, periódicos ocasionais, feiras ou acontecementos populares) así como a venda domiciliaria, requirirá autorización municipal, abono das taxas devengadas e cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na lexislación estatal e autonómica.

Artigo 20.

1. Poderá autorizarse a ocupación da vía pública co destino seguinte:
 - a) Entoldados ou acotados para a celebración de verbenas, concertos, representacións teatrais, circenses ou cinematográficas e actos análogos.
 - b) Atraccións de feira e postos de baratixa e quincalla.
 - c) Competicións ou actos de carácter deportivo.
 - d) Calquera outra ocupación de características análogas.
2. En todo caso, a entidade organizadora destas actividades deberá someterse ao establecido no Regulamento de Espectáculos e Actividades Recreativas vixente en cada momento, debendo cumprir coas condicións que sinala a Autoridade ou os seus Axentes.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 21.

A colocación de VELADORES E MESAS na vía pública, deberá realizarse de modo que quede libre o espazo mínimo para o paso de peóns. Considérase espazo mínimo para o paso de peóns, o que quede libre unha vez descontada a superficie que por calquera causa ou obstáculo non sexa apta para o tránsito.

As licenzas outorgadas para a colocación de veladores e mesas na vía pública poderán ter unha duración anual de tempada de 15 de xuño a 15 de setembro ou soamente para os días festivos e vésperas dos mesmos.

O titular da licenza deberá, ao seu custo, sinalar nas beirarrúas con pintura branca, o perímetro dentro do cal han de quedar colocadas as mesas e veladores.

As tarimas que se instalen sobre as beirarrúas para sustentar veladores, non poderán levantarse máis de 10cm sobre o nivel destas.

Artigo 22.

1. A publicidade na vía pública poderá optar polas seguintes modalidades:
 - a) Anuncios publicitarios sempre que reúnan as características sinaladas polo Concello.
 - b) Reparto de panfletos publicitarios, sen que en ningún Caso se tiren á vía pública.
 - c) Propaganda ORAL, cando sexa expresamente autorizada polo Concello, que se efectuará por medio de alt falantes ou amplificadores colocados en lugares fixos ou instalados sobre vehículos.
2. En todo caso, aplicarase o Decreto 917/67 de 20 de abril en materia de publicidade exterior e devengarase á Facenda Municipal, as taxas fixadas nas correspondentes Ordenanzas Fiscais.

Artigo 23.

1. É obrigatoria a instalación de vallas en todas as construcións de edificios, obras exteriores e derrubamentos e para a ocupación da vía pública con materiais destinados á execución de obras interiores.
2. Cando as necesidades do tránsito e outras circunstancias impidan instalar vallas, substituiranse estas por pontes volantes ou andamios.
3. En ningún caso o espazo libre de beirarrúa será inferior ao permitido na licenza. De non ser posible facilitarase o paso de peóns mediante taboleiros e pasarelas debidamente protexidos e sinalizados, cubrindo provisionalmente os alcorques, se fose necesario.
4. En todo caso, as vallas e elementos protectores da obra, terán a altura suficiente para impedir a caída de materiais e escombros nas beirarrúas ou calzadas.
5. Toda valla de protección ostentará un letreiro indicativo da licenza municipal, datas de comezo e remate das obras e horario de traballo.



6. No caso de incumprimento do establecido no presente artigo, procederase á execución forzosa pola Administración Municipal na persoa do contratista de obras, sendo responsable subsidiario o propietario ou titular da licenza.

SECCIÓN TERCEIRA. USO PRIVATIVO

Artigo 24.

1. A ocupación da vía pública en réxime de uso privativo debe de ser obxecto de concesión administrativa.
2. Os emprazamentos da vía pública poderán ser obxectos de concesións e supoñan un uso privativo para o concesionario, serán fixados previamente polo Concello Pleno para o que se terá en conta a modalidade e uso a que se destinará dito emprazamento, así como o número de concesións, o período, extensión superficial e sempre atendendo a que a ocupación da vía pública non altere a libre circulación de peóns e vehículos, nin a celebración de actos públicos.
3. Fixados os emprazamentos e aprobados os correspondentes pregos, a tramitación posterior suxéitase á normativa para a concesión dun uso privativo do dominio público.

Artigo 25.

1. A concesión supón o outorgamento dun dereito real de carácter administrativo, que permita a un titular disfrutalo, defendelo xuridicamente, usalo no tráfico civil e inscribilo no Rexistro da Propiedade.
2. A concesión administrativa que outorga o uso privativo dunha parcela da vía pública outorgarase para un fin específico e sempre con carácter discrecional por parte do Concello.

Artigo 26.

Sen prexuízo do establecido nos regulamentos de aplicación xeral, serán condicións das concesións as seguintes:

- a) Outorgarase o uso privativo da vía pública , salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- b) O concesionario verase obrigado a manter en bo estado a porción da vía pública que utilice, a instalación obxecto da actividade que desenvolva, así comas zoas adxacentes ás mesmas.
- c) A transmisión da concesión, só poderá efectuarse "mortis causa" en favor dos herdeiros ou legatarios do concesionario, de acordo coa lexislación de sucesións e polo tempo que falta para a extinción da concesión.
- d) O uso da concesión outorgada, corresponde ao titular da mesma e ao sumo, aos familiares. En casos excepcionais poderá usarse por empregados sempre



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- e cando estes estean designados na solicitude de concesión, a efecto do cal, poderá serlles esixidos os correspondentes documentos acreditativos de alta e pago de cotas á Seguridade Social.
- e) O concesionario será responsable en cantos danos causase aos bens municipais; dita responsabilidade poderá facerse efectiva polo negociado correspondente do Concello con cargo ao depósito ou fianza prestada en canto resulte bastante, ou polo procedemento administrativo de apremio nos demais supostos. Igualmente responderase dos danos causados a terceiros e en casos excepcionais poderase esixir un seguro de responsabilidade civil.
- f) O concesionario está obrigado a deixar a disposición da Administración Municipal, unha vez se extinga o período de duración da concesión, en perfectas condicións a porción da vía pública ou, no seu caso, as instalacións construídas, e de recoñecer expresamente a potestade municipal para acordar por si, o alzamento.
- g) A concesión só producirá efectos entre a corporación Municipal e o titular daquela, pero non alterará as situacións xurídico-privadas entre o concesionario e terceiros, nin poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade na que incorresen os titulares da concesión.

Artigo 27.

1. En canto ás causas de extinción, resolución, rescate e caducidade, estarase ao que dispoñen os Regulamentos de Bens e Servizos das Corporacións Locais.
2. As concesións administrativas de uso privativo da vía pública, poderán ser outorgadas por un período máximo de 4 anos, podendo ser renovadas unha vez cumprido o período da concesión.

Artigo 28.

1. Considerarase USO PRIVATIVO da vía pública, a instalación de quioscos permanentes, que poderán ser de bebidas, de publicacións ou especiais.
2. Os quioscos de bebidas estarán destinados a servir ao público bebidas de uso normal no mercado e comestibles que non requiran condimentación previa inmediata, e poidan ser considerados complementos ás bebidas, en aperitivos e merendas.
3. Os quioscos de publicacións terán como finalidade principal a venda de libros, revistas e periódicos de calquera nacionalidade. Poderán ser clasificados estes quioscos en diversas categorías por razón do tipo de publicacións e/ou lugares de instalación, aos efectos de fixar o correspondente canon de concesión.
4. Os quioscos especiais son aqueles que se destinan a finalidade distinta das expresadas nos números anteriores do presente artigo.
5. A instalación de quioscos non poderá servir de escusa para ampliar o perímetro do uso privativo concedido, mediante a colocación nas beirarrúas de caixóns, cabaletes ou outros sustentáculos para a exhibición de publicacións. En caso



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

de incumprimento, independentemente da sanción que se impoña, os servizos municipais retirarán ditos elementos a costa do concesionario.

Artigo 29.

Tamén terán consideración de uso privativo as actividades, ocupacións e aproveitamentos seguintes:

- a) Publicidade luminosa en aparatos sustentadores de rotulación na vía pública.
- b) Columnas e vallas anunciadoras.
- c) Plafóns - anuncios.
- d) Campamentos de turismo, denominados "campings".

CAPÍTULO V

COMPORTAMENTO OU CONDUTA DOS CIDADÁNS SECCIÓN PRIMEIRA. NORMAS XERAIS

Artigo 29.

Todos os cidadáns, sen excepción, teñen o deber de coñecer e observar as normas municipais, que sobre conduta cidadá rexan no municipio. Dar a cidadáns información mínimas das normas fundamentais.

Artigo 30.

O comportamento das persoas, en especial en establecementos públicos e na vía pública, atemperarase en xeral nas seguintes normas:

- a) Observarase o debido civismo, non alterando a orde nin a tranquilidade pública con escándalos, rifas e tumultos.
- b) Cumpriranse puntualmente as disposicións das Autoridades e os bandos da Alcaldía sobre conduta da veciñanza e observaranse as prohibicións que no seu caso se establezan.
- c) Todo cidadán terá a responsabilidade de comunicar aos axentes da autoridade as infraccións das que tivese coñecemento.
- d) Queda prohibido botar obxectos ao solo, nos establecementos ou vía pública, así como maltratar as instalacións, obxectos ou materiais de uso común ou as árbores e plantas das prazas e xardíns.

Artigo 31.

A conduta e comportamento dos habitantes de Foz, terá como máxima, non só a observación das normas xurídicas, senón tamén o respecto cara a liberdade e integridade física, moral e ética dos demais, así como cara aquelas cousas ou obxectos que por ser para uso dunha colectividade son merecedores dun trato e coidado especial, con obxecto de tentar e conseguir unha convivencia normal e libre.



SECCIÓN SEGUNDA. NORMAS RELATIVAS ÁS PERSOAS

Artigo 32.

A situación da mendicidade será tratada e analizada polos Servizos do Concello.

Artigo 33.

1. Os nenos abandonados e os extraviados serán conducidos á Xefatura da Policía Municipal e entregados, os primeiros ás autoridades competentes e retidos, os últimos en custodia a disposición dos seus pais ou titores, para o cal efectuaranse rapidamente os oportunos chamamentos polos medios de publicidade que en cada caso estime conveniente a Alcaldía.
2. Se fose algún particular quen atopase aos nenos abandonados ou extraviados, terá o deber de recollelos e entregalos a calquera Axente da Autoridade, á Xefatura da policía Municipal ou á Casa do Concello.
Os pais ou titores velarán porque os nenos en idade escolar asistan á escola.

Artigo 34.

Quen perturbe a tranquilidade cidadá, será detido e conducido polos Axentes da autoridade á Xefatura da Policía Municipal. A estancia en dito establecemento durará unicamente o tempo necesario para determinar se só procede impoñer sanción municipal ou debe ser pasado á xurisdición competente, segundo as circunstancias de cada caso.

Artigo 35.

1. Deberá facilitarse o tránsito pola vía pública a nenos, anciáns e diminuídos físicos e psíquicos, en especial naqueles cometidos que polas súas deficiencias entrañen dificultades ou perigos.
2. Queda prohibida calquera acción ou manifestación contraria ao respecto e consideración entre cidadáns.
3. Toda persoa constituirase en garante da integridade física, moral e ética dos demais no seu tránsito pola vía pública.

SECCIÓN TERCEIRA. EN PARTICULAR NORMAS DE CONDUTA

Artigo 36.

1. Por razóns de estética e bo gusto, non está permitido o tendido ou exposición de roupas, prendas de vestir e elementos domésticos en balcóns, ventás, anteteitos, soleiras exteriores ou calquera outro lugar que pola súa situación e orientación á vía pública sexan normalmente visibles dende a mesma.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2. Dentro do caso urbano, establece a obriga de dotar aos edificios de celosías ou instalación similar, ai uso nos medios de construción, que permitan illar do exterior, os lavadoiros, tendedeiros, trasteiros, cociñas e todas aquelas dependencias ca visión ou actividade das cales poida resultar prexudicial á estética do edificio ou estea rifada co entorno no que se circunscribe. Nos edificios de nova construción deberá coidarse especialmente tal prevención.
3. As medidas apuntadas no número anterior serán de aplicación cando as circunstancias expostas concorran en edificacións que dean a patios comúns, sempre que houberse unha petición previa, xustificada por algún dos interesados. Nos edificios xa existentes estas medidas quedarán condicionadas ao resultado do expediente e á posibilidade material da súa aplicación.

Artigo 37.

1. Está prohibido e no seu caso será sancionado gubernativamente, toda acción que afee, ensucie, produza danos ou sexa susceptible de producilos en lugares de uso ou servizo público e iso con independencia da reclamación dos prexuízos causados, se procedesen e da competencia da xurisdición penal no seu caso.
2. Todo cidadán ten o dereito e o deber, en canto membro dunha colectividade, de colaborar na conservación e defensa do patrimonio municipal xa sexa impedindo a realización de danos no mesmo, xa anunciándoo á autoridade competente en caso de que se producise.

Artigo 38.

Prohíbese nas fontes públicas:

- a) Lavar roupa, froitas, verduras ou obxectos de calquera clase.
- b) Lavarse e bañarse.
- c) Botar ou nadar cans ou outros animais e enturbar as augas.
- d) Abandonar baixo o chorro, cántaros ou caldeiros ou calquera outro envase ou recipiente, polo que cada usuario sacará a auga pola súa quenda e retirárase despois de levar o recipiente.
- e) Beber directamente do cano ou do arranque do surtidor, salvo que as fontes teñan instalación especial.
- f) Abeberar cabalerías e gandos.
- g) Deixar xogar aos nenos, con excepción das fontes e estanques construídos e destinados especialmente a tal efecto.
- h) Nas fontes publicas onde existan lavadoiros ao lado, poderase seguir lavando neles.



TITULO II **CIRCULACIÓN E TRANSPORTE**

CAPÍTULO I **CIRCULACIÓN DE PEÓNS E VEHICULOS**

Artigo 39.

1. A circulación peonil e rodada polo termo municipal deberá axustarse ás normas contidas no código de circulación e disposicións complementarias, á Ordenanza Municipal de Tráfico, ás Disposicións Especiais que a Autoridade Municipal dite ao amparo do artigo 12 do código da circulación.
2. O control ou a vixilancia do tráfico, realizarase pola Policía Municipal, excepto nas vías de carácter supramunicipal.

Artigo 40.

1. As cabalerías ou gandos de todas as clases, deberán transitar unicamente polo rego das rúas ou caixas dos camións, pola súa parte dereita e deixarán sempre paso aos peóns.
2. Os que monten cabalos deberán adoptar dentro do casco urbano, toda clase de medidas de precaución e só se permitirá facelo a persoas maiores de 16 anos ou menores de dita idade se van acompañados de persoas maiores, sen galopar e sempre ao paso, levando a dereita no sentido da marcha.
3. A circulación de vehículos de tracción animal suxeitarase ás normas que a este respecto establece o código da circulación.
4. Os animais domésticos deben levarse suxeitos mediante correa ou cadea, que permita o seu fácil control, aplicándose aos soltos, as sancións administrativas oportunas. O dono é o responsable civil de cantos danos ocasione o animal. Os cans deben levar bozal.

Artigo 41.

Todos os cidadáns, xa circulen a pé ou en vehículo rodado, gardarán coa máxima precaución o disposto nos artigos anteriores e no non disposto, primará a actuación máis acorde co espírito de convivencia na vía pública de respecto cara os demais.

CAPÍTULO II **INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA**

Artigo 42.

A parada e o estacionamento de vehículos farase nos lugares destinados ao efecto e sempre que non medie prohibición ou perturbe a circulación peonil, animal ou



rodada.

Artigo 43.

Cando a policía Municipal a t o p na vía pública un vehículo estacionado que impida a normal circulación, constitúa un perigo para a mesma ou para os peóns, ou a perturbe gravemente, deberá tomar as medidas necesarias, que se iniciarán co requirimento ao condutor, propietario ou persoa encargada do vehículo, se se atopa xunto a este, para que cese a súa situación irregular e, caso de non existir dita persoa ou de existir non atenda ao requirimento, poderá dispoñer o traslado do vehículo ao depósito destinado ao efecto. Para a adopción destas medidas poderanse utilizar os servizos retribuídos de particulares.

Artigo 44.

Considéranse supostos nos que en zonas urbanas se perturbe gravemente a circulación e aplicárase o disposto no artigo anterior, os seguintes que se recollen a modo anunciativo, e que non teñen a consideración de "Númerus clausus".

- a) Cando un vehículo se atope estacionado en dobre fila e se atope sen condutor.
- b) Cando o estea fronte á caída ou entrada de vehículos dun inmovible, debidamente sinalizado ou ben en zona de carga e descarga ou outra reservade utilidade pública, durante o horario utilizado para tales fins.
- c) Cando o vehículo se atope estacionado en lugar prohibido nunha rúa de circulación rápida ou moi densa dificultando o tráfico e obrigando a efectuar manobras perigosas ou indebidas.
- d) Cando se atope a menos de 5 m. dunha esquina, impedindo ou entorpecendo gravemente o xiro e consecuentemente a circulación.
- e) Cando o vehículo estacionado impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.
- f) Cando se produza o estacionamento en beirarrúas, zonas axardinadas, paso de peóns e esquinas ou chafráns que impidan a visibilidade.
- g) Cando se atope nun emprazamento tal que impida a vista dos sinais de tráfico ou os demais usuarios da vía pública.
- h) Cando se atope estacionado no itinerario ou espazo que teña de ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata ou proba deportiva de releve debidamente autorizada.
- i) Cando resulte necesario para a reparación e limpeza da vía pública, sempre que se sinalasen con 24 horas de anticipación ditas operacións.
- j) Cando o vehículo se atope estacionado nos espazos reservados para transportes públicos, sempre que se atopen debidamente sinalizados e delimitados.
- k) Cando o estea en espazos expresamente reservados a servizos de seguridade e urxencias, tales coma ambulancias, bombeiros e policía.



- l) Cando un vehículo permaneza aparcado no mesmo lugar por espazo superior a 30 días.

Artigo 45.

A retirada de vehículos supoñerá a súa condución a un almacén municipal, adoptándose as medidas necesarias para que dito traslado chegue a coñecemento do condutor ou propietario tan axiña como sexa posible debendo deixar un impreso de advertencia do traslado no primitivo establecemento. Se o condutor ou outra persoa autorizada comparecese no lugar da infracción, durante o procedemento de retirada, cesará esta no acto, sempre e cando se adopten as medidas oportunas.

Artigo 46.

Trasladado o vehículo ao depósito ou almacén municipal polas causas reguladas na presente Ordenanza, o condutor-propietario, ou no seu defecto o titular administrativo, solicitará da policía Municipal, previa a súa identificación e comprobación da súa personalidade, a restitución ou levantamento da inmovilización decretada.

Artigo 47.

O condutor do vehículo e subsidiariamente o titular do mesmo, con excepción do suposto de utilización ilexítima, haberán de satisfacer previamente para cesar no inmovilizado, os gastos ocasionados que serán os que se establezan na correspondente factura, pola contratación do servizo de grúa, con independencia da contía da multa que por denuncia da infracción cometida proceda.

TITULO III

ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E PROFESIONAIS

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 48.

1. É preceptiva licenza previa de apertura en todo tipo de establecementos para o exercicio ou desenrolo de actividades industriais, comerciais ou profesionais, calquera que sexa o lugar do seu emprazamento dentro do termo municipal, estean ou non abertos ao público e coexistan ou non con vivenda.
2. A intervención municipal ten por obxecto comprobar se os locais onde se desenrolan as actividades enumeradas no parágrafo anterior, reúnen as condicións necesarias de acordo co tipo de actividade a desenvolver, co fin de garantir a tranquilidade, seguridade e salubridade cidadás, así como a



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- comprobación do respecto das normas que sobre urbanismo impón a lexislación e as Normas Subsidiarias Municipais.
3. A intervención municipal na apertura de establecementos industriais, comerciais ou profesionais, ocasiona o nacemento duns dereitos a favor do Concello e unhas obrigacións nos titulares dos establecementos na forma a contía establecidas na Ordenanza Fiscal.
 4. As solicitudes de licenza deberán de presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Artigo 49.

A persoa interesada en abrir establecementos para o exercicio dunha actividade industrial, comercial ou profesional, poderá solicitar con carácter previo, información por escrito ao Concello sobre as posibilidades de levalo a cabo, así como as dúbidas técnicas que no caso concreto se poidan plantexar. O informe municipal deberá ser preceptivamente emitido no prazo dun mes.

Artigo 50.

As distintas actividades a desenvolver nos establecementos suxeitos a intervención municipal, en base á súa influencia sobre o medio en que se insiren, poderán ser clasificadas sempre que produzan ou poidan producir incomodidades ou alteracións nas condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente, ocasionar danos á riqueza pública ou privada ou implicar riscos máis ou menos graves para as persoas ou bens. Estas actividades serán inocuas sempre e cando a súa inserción non produza os malestares que ocasionan as actividades clasificadas.

Artigo 51.

As características clasificadas , están sometidas ás prescricións contidas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/61 de 30 de novembro e modificado por Decreto 3494/64 de 9 de novembro, en cal nomenclatura anexa se detallan, sen que teñan a condición de números clausus.

Artigo 52.

1. Ao solicitar a licenza de apertura nun local onde se desenvolverá unha actividade clasificada, presentarse a instancia dirixida ao Alcalde-Presidente, acompañada da seguinte documentación:
 - a. Título de propiedade ou de arrendamento do inmovible.
 - b. Relación dos veciños inmediatos ao lugar do emprazamento proposto.
 - c. Indicación do uso ao que vai destinarse o local.
 - d. Proxecto técnico e memoria descritiva, ámbolos dous por triplicado; no que se detallan as características da actividade, a súa posible



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

repercusión sobre a sanidade ambiental e os sistemas correctores que se propoñan utilizar, con expresión do seu grado de eficacia e garantías de seguridade, estando este proxecto visado polo Colexio correspondente.

2. Tratándose de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos, deberán cumprirse, ademais, as condicións e requisitos establecidos no Regulamento de 27 de Agosto de 1.982 (B.O.E. de 6 de novembro) e nas disposicións especiais ditadas, no seu caso, para cada unha das actividades enumeradas no seu anexo.

Artigo 53.

1. A solicitude de licenza de apertura de establecementos no que se van a desenvolver actividades inocuas deberá ir acompañada polo título de propiedade ou arrendamento do inmovible; detalle do emprazamento do local, plano do local e instancia debidamente firmada polo solicitante, no que se describirá a actividade, as súas instalacións, obras necesarias e demais circunstancias significativas.
2. Se por especialidade da cantidade a desenrolar se necesitasen autorizacións, informes ou condicións particulares que cumprir, estes requisitos terán que observarse con antelación á autorización municipal e deberán ser aportados ou xustificados polos interesados, xunto coa solicitude de licenza ou excepcionalmente despois desta, pero sempre antes da resolución municipal que aprobe ou denegue a apertura.

Artigo 54.

1. As licenzas de apertura de establecementos nos que se desenvolverán actividades inocuas deberán outorgarse ou denegarse pola Alcaldía no prazo dun mes, dende o día seguinte ao ingreso da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido dito prazo sen recaer resolución expresa, a licenza entenderase outorgada por silencio administrativo.
2. Si a actividade a desenvolver é unha das clasificadas, sen que recaese resolución, unha vez transcorridos catro meses desde a data da solicitude, sen que recaese resolución ou non se notificase a mesma ao interesado, poderá este denunciar a mora ante o Concello. Transcorridos dous meses desde a denuncia da mora, sen que fose recaído e notificado ningún tipo de resolución, entenderase outorgada por silencio administrativo.
3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, en ningún caso se poderán adquirir por silencio administrativo licenzas contrarias a dereito.

Artigo 55.

1. As licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



2. A concesión de licenzas non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que incorresen os beneficiarios no exercicio da actividade para a que se concede.

Artigo 56.

As licenzas de apertura son transmisibles inter-vivos, xa sexa mediante cesión, arrendamento ou traspaso ou calquera outro dos medios admitidos en dereito, sempre e cando a transmisión non supoña un cambio da actividade para a que se concede e o permiso, o inmovible e as instalacións sigan mantendo as condicións necesarias que motivaron a concesión. Non obstante, transmitinte e transmitido deberán poñer en coñecemento da corporación a operación levada a cabo, sendo ambos responsables solidarios, no caso de incumprimento, das responsabilidades que se deriven para o titular da licenza.

Artigo 57.

Non serán reputadas como transmisións de licenzas os supostos de cesión, arrendamento ou traspaso do local cando exista un cambio ou ampliación substancial do grupo da actividade en relación coa licenza fiscal ou cando o local sexa variado na súa estrutura, configuración ou decoración interior ou haxa traslado da mesma actividade a outro local.

Nestes casos deberá solicitarse, tramitarse e no seu caso outorgarse, nova licenza de apertura.

Artigo 58.

1. Sempre e cando non se varíen as condicións que motivaron a concesión, tales como o tipo de actividade desenvolta e a configuración do local ou inmovible, e se continúe no exercicio da actividade autorizada, a licenza ter; carácter indefinido.
2. Os efectos do disposto no punto anterior, entenderase que non se exerce a actividade e por ende producírase a caducidade inmediata da licenza.
 - a) No transcurso de **3** meses a partir da data de notificación do outorgamento da licenza, ou da súa concesión por silencio administrativo, o establecemento non se abrirá ao público ou non se iniciará a actividade a desenvolver.
 - b) Se despois de aberto ao público, ou iniciado na súa actividade, o establecemento permanece pechado por un período superior a 6 meses consecutivos. Se se tratase de interrupción temporal, propia dunha determinada actividade, o prazo de caducidade será dun ano.



Artigo 59.

Todos os establecementos quedan sometidos inspección municipal, de obrigada recepción, coa periodicidade que se estime conveniente encargada de comprobar que os seus titulares manteñen ditos establecementos nas mesmas condicións que motivaron o outorgamento das súas respectivas licenzas.

Artigo 60.

1. Quedarán sen efecto as licenzas de apertura de establecemento, se se incumprisen as condicións ás que estivesen subordinadas e deberán ser revocadas cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu outorgamento e xurdirán outras que de existir ao tempo da súa concesión, xustifican a súa denegación.
2. Poderán así mesmo ser revocadas as licenzas outorgadas, cando se adoptasen novos criterios de apreciación para o seu outorgamento ou se outorgaran erroneamente, causas que darán lugar ao resarcimento dos danos e prexuízos causados ao titular da licenza.

Artigo 61.

As actividades comerciais, industriais e profesionais, que se exerciten sen a correspondente licenza municipal de apertura, serán consideradas como clandestinas e fraudulentas, o que levará consigo a clausura de dita actividade e estarán suxeitas ás correspondentes sancións urbanísticas e fiscais.

Artigo 62.

1. O horario dos espectáculos públicos e actividades recreativas, establecerase polo Goberno Civil de Lugo, facendo uso das facultades conferidas pola Orde Ministerial do 23 de novembro de 1.977 (B.O.E. de 2 de Decembro), modificada pola Orde Ministerial de 29 de Xuño de 1.981, (B.O.E. do 2 de Xullo). Fixándose para o exercicio 1.994, durante o período estival comprendido entre o 1 de Xullo ao 30 de Setembro , o seguinte horario:

Cinematógrafos.....	1h.30'
Teatros	1h.30'
Circos.....	1h.30'
Frontóns.....	1h.30'
Boleiras	1h.30'
Canódromos.....	1h.30'
Espectáculos ao aire libre	2h.
Verbenas e festas populares	3h.30'
Cafés e bares.....	2h.30'
Cafeterías.....	2h.30'
Tabernas	1h.30'
Restaurantes.....	2h.



- Bares especiais (categorías A e B, Üisquerías, Clubes, Bares Americanos, Pubs) con licenza fiscal de bares especiais 3h.30'
- Salas de festa e discotecas da xuventude..... 23:00h.
- Salas de festa, bailes e discotecas 5:00h.
- Cafés, teatros, cafés-cantantes, cafés-concerto..... 5:00h.
- Discotecas e salas de festa con espectáculos ou pases de atracción 5:00h.
- Tablaos flamencos 5:00h.
- Casinos 3h.30'
2. Ás horas sinaladas producirase o peche efectivo, debendo ser desaloxados o locais con anterioridade a ditas horas.
3. Venres, sábados e vésperas de festivos, os horarios fixados no apartado 1º, ampliáanse media hora máis.

CAPÍTULO II

NIVEIS DE PERTURBACIÓNS POR RUÍDOS E VIBRACIÓNS

Artigo 63.

A intervención municipal tenderá a conseguir que as perturbacións por ruídos e vibracións evitables non excedan dos límites que se indican ou a que se fai referencia neste Título. Os ruídos medíranse ou expresáranse en decibelios na escala db(A).

Empregarase como equipo de medida, un sonómetro con ponderación A e resposta rápida que cumpra as normas UNE-21314/75, "sonómetro de precisión" ou UNE-21323/1975 "Propostas relativas aos sonómetros". Poden usarse outros equipos de medidas que inclúan, por exemplo, rexistradores de nivel de cinta magnética ou equivalente, sempre que as súas características sexan compatibles coa dos sonómetros especificados anteriormente.

A valoración dos niveis de ruído rexeranse polas seguintes normas:

- a) A medición levarase a cabo na situación onde as molestias sexan máis acusadas.
- b) A medición levarase a cabo nas seguintes condicións:
- o As medidas no EXTERIOR, realizaranse entre 1'2 e 1'5 metros sobre o chan, e se é posible a 3'5m das paredes, edificios ou calquera outra superficie reflectante. Cando as circunstancias o requiran, poderán facerse as medidas a maiores alturas ou menor distancia das paredes, sempre que iso se especifique e se teña en conta na valoración.
 - o As medidas no INTERIOR, realizaranse polo menos a 1m de distancia das paredes, entre 1'2 e 1'5m sobre o chan e aproximadamente a 1'5m da(s) ventá(s).

Para reducir o efecto das perturbacións debidas ás ondas estacionarias, efectuaranse ao menos tres lecturas de nivel sonoro en posicións que estean a unha distancia de 0'5m da posición inicial.

A media aritmética das lecturas, determinará o valor da medida.

As medidas realizaranse, normalmente coas ventás pechadas, pero se



xeralmente a habitación se utiliza coas ventás abertas, deberán efectuarse as medidas baixo estas condicións.

Artigo 64.

No medio ambiente EXTERIOR, non se poderá producir ningún ruído que supere os niveis que indican a continuación:

- Entre as 8 e 22 horas..... 60 decibelios.
- Entre as 22 e 8 horas..... 40 decibelios.

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural ou relixiosa ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar todas as medidas necesarias para reducir con carácter temporal, en determinadas vías ou sectores do casco urbano, os niveis sinalados no apartado precedente.

Artigo 65.

Os elementos construtivos e de insonorización e os recintos nos que se aloxen actividades e instalacións industriais, comerciais e de servizos, deberán posuír capacidade suficiente para atenuación acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no interior dos mesmos, e mesmo se fose necesario, disporán de sistemas de aireación inducida ou forzada que permita o peche dos ocos ou ventás existentes ou proxectadas.

En calquera caso as discotecas, salas de festa, bailes, cafeterías, bares, restaurantes, etc., que dispoñan de equipo de música ambiental ou aparato de música de utilización pública, deben dotarse dun sistema eficaz de insonorización en paramentos e teitos.

Artigo 66.

Os aparatos elevadores, as instalacións de acondicionamento de aire e torres de refrixeración, a distribución, depuración de augas, a transformación de enerxía eléctrica, instalacións de calefacción e demais servizos nos edificios, serán instalados coas precaucións de situación e illamento, que garantan un nivel de transmisión sonora, non superior aos límites establecidos no artigo 64.

Artigo 67.

1. Nos inmobles nos que coexistan VIVENDAS e outros usos autorizados polas Ordenanzas Municipais, non se permitirá a instalación, funcionamento ou uso de ningunha máquina, aparello ou manipulación, do cal o nivel sonoro exceda de 85 decibelios.
2. PROHÍBESE a emisión fónica, nos establecementos sitos en edificios de vivendas, cando o nivel sonoro transmitido a aquelas exceda de 30 decibelios durante a noite (de 22 a 8 horas) e de 40 decibelios durante o día (de 8 a 22 horas).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3. Nos edificios de vivendas non se permitirá o funcionamento de máquinas, aparatos ou manipulacións domésticas o nivel de emisión sonora do cal exceda de 70 decibelios desde as 8 5s 22 horas e de 60 decibelios nas restantes e incluso cans e toda clase de animais domésticos.
4. Nas salas de festa, discotecas, o nivel de emisión sonora máxima será de 100 decibelios con unha atenuación mínima de 75 decibelios. En Pubs e outros establecementos con equipo de música, á máxima emisión sonora será de 85 decibelios con unha atenuación mínima de 60 decibelios. En ambos casos deberá presentarse certificado de insonorización asinado por Técnico Competente e visado polo Colexio Profesional.

Artigo 68.

Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruído facilitarán aos funcionarios municipais habilitados para funcións de inspección o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruídos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lle indique o funcionario. Así mesmo poderán presenciar o proceso operativo.

Estes funcionarios no exercicio das funcións contempladas pola presente Ordenanza terán a condición de Axentes da Autoridade.

Artigo 69.

1. Prohíbese a circulación de vehículos a motor co chamado escape libre ou con silenciadores non eficaces, incompletos, deteriorados ou con tubos resoadores. Igualmente prohíbese a circulación de dita clase de vehículos con exceso de carga, que produzan ruídos superiores aos permitidos por esta Ordenanza.
2. Queda prohibido o uso de bucinas ou calquera outra sinal acústica dentro do casco urbano, salvo nos casos de inminente perigo de atropelo ou colisión ou que se trate de servizos públicos de urxencia (policía, incendios, asistencia sanitaria) ou de servizos privados para o auxilio urxente de persoas ou defensa preventiva de bens.

TITULO IV RÉXIME XURÍDICO

Artigo 70.

Os técnicos municipais e os axentes da policía Municipal, no que é a súa competencia, poderán realizar en todo momento, cantas inspeccións estimen necesarias para asegurar o cumprimento da presente Ordenanza, debendo cursar obrigatoriamente denuncias que resulten procedentes.

Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Alcalde-Presidente calquera actividade, actuación ou comportamento que incumpra o establecido na presente Ordenanza. De resultar temeraria ou inustificada a denuncia, serán de cargo



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

do denunciante os gastos que orixine a inspección.

En caso de comprobar a mala fe impoñerase a sanción correspondente.

Artigo 71.

A denuncia que deberá estar datada e asinada polo denunciante, reunirá como mínimo os seguintes requisitos: Nome, apelidos, número do D.N.I. e domicilio do denunciante, emprazamento, clase e titular da actividade denunciada, sucinta relación das molestias orixinadas e súplica concretando a petición que se formula.

A denuncia presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Recibida a denuncia, seguirase o expediente coa práctica das inspección e comprobacións necesarias, e coa adopción das oportunas medidas preventivas, ata a resolución final do expediente que será notificada previa audiencia á parte interesada.

Artigo 72.

O réxime de sancións, será o establecido segundo a clase de infracción cometida, no Texto Refundido de Réxime Local, Regulamento de Espectáculos Públicos, Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, Réxime urbanístico e demais disposicións legais vixentes aplicables.

A aplicación das sancións establecidas nesta Ordenanza non exclúen nos casos de desobediencia ou resistencia a Autoridade Municipal ou os seus Axentes, o que se pase o tanto de culpa aos Tribunais de Xustiza.

Disposición Adicional

Esta Ordenanza Municipal iniciará a súa vixencia a partir do día seguinte daquel no que teña lugar a publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, momento en que quedarán derogadas cantas disposicións municipais se opoñan ou contradigan os seus preceptos.

Disposición Transitoria

1. As actividades que contén con licenza, á entrada en vigor da presente Ordenanza, esixiráselle o cumprimento dos límites sonoros e vibracións establecidas na presente Ordenanza.
2. Os novos locais que carezan de licenza de apertura, á entrada en vigor da presente Ordenanza, seralles de aplicación esta na súa totalidade.

Foz, 23 de Xaneiro de 1.995

O Alcalde

Manuel María Neira Rodríguez